

O Día das Letras Galegas no Pastor Díaz

O pasado sábado celebrouse no Teatro «Pastor Díaz», o «Día das Letras Galegas», que este ano foi adicado a Fermín Bouza Brey, cuxa figura biográfica inserimos no número da pasada semana.

Esta data das letras galegas estaba organizada pola Delegación de Cultura do Axuntamento de Viveiro, e nas primeiras filas do teatro estaban as representacións municipais, autoridades e o presentador, que nesta ocasión foi o Cronista Oficial da Cidade, Modesto Pérez Rodríguez.

A presentación feita polo maxistrado e Cronista Oficial de Viveiro, foi un longo discorrer polos seus anos mozos, cando era estudante na Academia en que a conferenciante, Luz Pozo Garza, era profesora daquela, e por tanto das moitas ensinanzas que el recibira e que lle valeran para acadar as metas que se tivera proposto.

Tivo tamén o Cronista, o recordo para a nai de Lucita Pozo, Luz Garza Feijóo, unha muller que cultivou as mentes da xuventude viveirense para estudos superiores, sobre todo cando non había institutos nin escolas industriais na cidade e se tiña que saír a demostrar aquelas ensinanzas as capitais de provincia máis próximas coma a Coruña ou Lugo.

Finalizada a presentación de Modesto Pérez, Luz Pozo Garza (Lucita), agradeceu as verbas do seu ex-alumno, como recoñecemento a amizade e ao cariño que sempre lle foi demostrado, engadindo que os merecementos no foran tantos como el expuxera.

Tras elo, escomezou a súa disertación co título, «Da Ría de Viveiro as ondas do mar de Vigo», lembrando que chegara á nosa cidade os sete anos, desde Ribadeo, donde seu pai, Gonzalo Pozo, chegou como veterinario municipal. Dende aquela foi a pícara, como se di en galego, que resquebraixou a unha sociedade clasista e abranxada a unhas canles restrinxidos que, sobrepasados, según eles, causaban os máis variopintos comentarios.

Percorreu a súa vida literaria e cultural



Luz Pozo lembrou os seus anos en Viveiro no acto do Día das Letras Galegas, celebrado no Pastor Díaz.

en Viveiro, logo en Marrocos, a donde marchou a súa familia trala guerra, para regresar a Lugo e logo a Viveiro, para recalar máis tarde na Coruña e Vigo, pero sempre co recordo de Viveiro, en donde conta con moitos amigos e co mellor cariño aínda que en Vigo atopou o lugar donde máis ampliou a súa vida literaria, da cal leu varios pasaxes que tiveron prendido ó público que cubría o patio de butacas do Pastor Díaz.

Leu tamén unhas poesías adicadas ó seu irmán Gonzalito, morto na guerra, así como outra que escribira fai anos sobre un pasaxe triste na nosa vida cotidián de Viveiro nos anos trinta e sete, na familia do Administrador de Aduanas.

Unha vez máis, Lucita Pozo deixou a súa impronta viveirense no acto cultural neste día «Das letras galegas», e unha vez máis segue considerándose viveirense ao igual que a consideramos nós, e, por elo, ós aplausos que recibiu, unímonos tamén coa máis sincera felicitación e o máis afectuoso cariño.

Pechou o acto a Coral polifónica do Casino de Viveiro, que unha vez máis recibiu o apoio do público pola súa magnífica interpretación, así como pola laboira que o seu director, Sr. Ortuzar, ven realizando.